



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 22 DE MARZO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 11.03.2016 E
EXTRAORD. 15.03.2016)**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 11 de marzo de 2016 e 15 de marzo de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes nelas.

PUNTO 2.- SUBVENCÍONS

Vista a resolución do 19 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 - 2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Solicitar unha subvención ó abeiro desta resolución para o proxecto denominado "Emprego de novas tecnoloxías nos BICS da Guarda" que ten un orzamento de 6.534,00 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidas nela, e asumindo o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 3.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 1.618 de data 10 de marzo de 2016, presentado por DNA. PURIFICACIÓN ALVAREZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Brasil, nº 58 da Guarda, actuando en nome da Asociación Contra o Cancro do Baixo Miño, e solicitando autorización para levar a cabo unha cuestación o día 3 de xullo de 2016, necesitando para elo o préstamo dunha mesa e dúas cadeiras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado advertíndoa de que debe recordarllo ós servizos municipais cuns días de antelación.

Lese o escrito RE 1.644 de data 11 de marzo de 2016, presentado por D. DANIEL ALONSO PEREZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 53 da Guarda, solicitando a devolución das taxas pagadas para obter uns informes urbanísticos destinados á Oficina do Catastro.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude posto que, segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, dita expedición de documentos conleva unha taxa independentemente da súa finalidade.

Lese o escrito RE 1.645 de data 11 de marzo de 2016, presentado por D. DANIEL ALONSO PEREZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 53 da Guarda, solicitando o control regular das zonas onde está prohibido estacionar así como a mallora da súa sinalización.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procederá a un reforzo do servizo de control.

Lese o escrito RE 1.676 de data 14 de marzo de 2016, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE - PORTAVOZ DO BNG DA GUARDA, solicitando copia do estudo de costes relativo ás tarifas aplicadas ó lixo dende o ano 2011.

A Xunta de Goberno acorda comunicarlle que non consta no concello dito estudo de costes e que non houbo ningunha modificación na taxa dende o 2011.

Lese o escrito RE 1.641 de data 11 de marzo de 2016, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE - PORTAVOZ DO BNG DA GUARDA, solicitando que se tome en consideración a súa proposta para correxir a situación actual da rúa do Porto.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a súa proposta.

Lese o escrito RE 1.621 de data 10 de marzo de 2016, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE - PORTAVOZ DO BNG DA GUARDA, solicitando o arranxo da rúa Ignacio Sobrino na cal está solto ó empedrado.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa está arranxado.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 1.211 de data 24 de febreiro de 2016, presentado por DNA. M^a DE FÁTIMA IGLEISAS FERREIRA - CONCELLEIRA NON ADSCRITA, solicitando copia de determinada documentación relativa ó expediente de devolución da garantía polo contrato de Xestión da Escola Infantil.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que mentras non se resolva o expediente na fiscalía no se lle dará copia.

Sendo as nove horas e vinte minutos minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.